

ACTA Nº5 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN NO PROCESO DE ACCESO EN PROPIEDADE A DÚAS PRAZAS DE TÉCNICO MEDIO DE XESTIÓN EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS.

Expte nº 2024/G004/000199

Sendo as 9:40 horas do día 19 de maio de 2026, reúnense no despacho de Secretaría Xeral do Pleno do Excmo. Concello de Lugo, Actas e Goberno, os membros do Tribunal designados/as por acordo 5/36 da Xunta de Goberno Local do 11 de febreiro de 2026.

Mediante acordo de data 20 de marzo de 2024, a Xunta de Goberno Local prestou aprobación ás bases específicas para o acceso en propiedade a tres prazas de técnico medio de xestión pertencente ao cadro de perosal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna pertencentes unha á OPE 2022 e dúas á de 2023 (acordo á súa vez modificado en Xunta de Goberno Local en sesión de 24 de abril de 2024). A convocatoria resolvéuse mediante Decreto 3611/2024, do 19 de abril e a lista definitiva de admitidos e excluídos aprobouse por Decreto 10204/2025, do 31 de outubro de 2025. Mediante Decreto nº885/2026, de 5 de febreiro, resólvese conservar todos os actos administrativos dictados agás os relativos á praza correspondente á OPE 2022.

Preside o acto a presidenta titular dona Dona Natalia Framil Rego, xefa de servizo do Órgano de Xestión Económico financeiro do Excmo. Concello de Lugo do Concello de Lugo.

Actúan como vogais titulares Dona María Aranzazu Sastre Carracedo, tesoureira do Concello de Lugo, Dona Carmen Flores Pardo, letrada municipal do Concello de Lugo e Don César Castiñeira Muíña, axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Lugo. Como secretaria titular dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Comprobado o quorum de asistencia e por estar todos os seus membros titulares presentes, dase por iniciada a sesión.

I. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS

Se da conta da presentada por Dona Julia Santiago Vázquez asinada o 30 de abril de 2026 e relativa ao suposto práctico número 1 e na que solicita a revisión da corrección do mesmo e en concreto, de dúas preguntas que impugna, procedendo á nova valoración do exercicio fundamentalmente por considerar que a natureza xurídica da ocupación consiste nunha licenza como acto administrativo necesario e a referencia ao artigo 42 da Lei 9/2013, de 19 de decembro de emprendemento e da competitividade económica de Galicia en canto ao procedemento administrativo a seguir.

En relación ás alegacións formuladas, os membros do Tribunal con dereito a voto consideran que, non procede a revisión e nova valoración do suposto 1 polos seguintes motivos:

Débase considerar pola alegante que o suposto práctico consta dun texto explicativo que serve para por en contexto dito suposto, pero se esixe a contestación das catro preguntas formuladas.

a) Pregúntase *pola natureza xurídica da ocupación* do ben de dominio público local e non pola natureza xurídica da autorización para a realización do evento (*licenzas, comunicacións previas, declaracións responsables...*)

Na resposta deberíase facer referencia a que se trata da *ocupación* dun ben de dominio e uso público, en concreto, dun uso común xeral precisando autorización para dita ocupación.

b) Como o procedemento para a tramitación da autorización do uso común especial dos bens de dominio público non se atopa regulado especificamente, debe seguirse o previsto como procedemento administrativo común regulado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

A alegante non distingue entre a autorización para a ocupación do ben dominio público (ao que non contesta) coa tramitación necesaria para a realización do evento, para o que o promotor debería presentar declaración responsable, pero que no exame calificou de licenza. Non está dito evento dentro dos supostos do artigo 41 da Lei 9/2013, de 19 de decembro de emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A documentación que aporta para fundamentar a súa alegación é a que corresponde a dita declaración responsable como ben se deduce do texto do Decreto achegado "Vista a Declaración Responsable presentada por... para a celebración dun espectáculo musical..."

Os criterios de corrección están publicados e a puntuación outorgada responde a que a contestación é incorrecta como queda indicado nos parágrafos anteriores.

II. FASE DE CONCURSO

A bases sétima das Bases específicas indican que:

A fase de concurso consistirá na valoración dos méritos alegados e acreditados polos/as aspirantes no momento da presentación de instancias.

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición.

Os méritos serán valorados, segundo o establecido na base décimo quinta das bases xerais anteriormente citadas de acordo co seguinte baremo:

1.- Antigüidade no Concello:

- por cada ano ou fracción superior a 6 meses: 0,15 puntos.

Para este cómputo, o período nos que os/as empregados/as utilizaran ou estean a utilizar unha licenza por maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares equiparase ao de servizo activo.

2.- Cursos de especialización: valoraranse os cursos impartidos e/ou recibidos nos últimos 10 anos e ata a data de publicación da convocatoria cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do posto e convocados polo Concello, a Deputación, o INAP, a EGAP, AGASP, universidades, organizacións sindicais ou outros axentes dentro do marco de acordo de formación para o emprego das administracións públicas, de acordo co seguinte:

- cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos.
- cursos de 21 a 40 horas: 0,20 puntos.
- cursos de 41 a 100 horas: 0,35 puntos.
- cursos de máis de 100 horas: 0,50 puntos, incrementándose 0,10 puntos por cada fracción de 100 horas, ata un máximo de 1 punto.

A realización dun mesmo curso, aínda que se refira a edicións distintas, será valorado unha soa vez, e será valorado sempre o último realizado. Non se computarán aqueles cursos en cuxa acreditación non figuren horas nin créditos.

3.- Titulacións académicas: só se computarán as titulacións superiores da mesma rama de coñecemento que a titulación esixida para a praza e que proporcionen unha forma avanzada da especialización profesional ou adquisición de competencias sobre os estudos esixidos, segundo o seguinte baremo:

- Doutoramento: 3 puntos.
- Mestrado oficial universitario: 2 puntos.
- Grao ou licenciatura: 1,75 puntos.
- Diplomatura: 1,5 puntos.
- Ciclo superior de F.P: 1 puntos.
- Ciclo medio de F.P: 0,50 puntos.

3.- Coñecemento da lingua galega:

- Curso de linguaxe administrativa de nivel medio ou equivalente: 0,75 puntos.
- Celga 5, curso de linguaxe administrativa de nivel superior ou equivalente: 1,00 punto.

En todo caso, a fase de concurso terá unha puntuación máxima de 2 puntos.

A base oitava B) das Bases específicas, indican que a cualificación final de cada aspirante na fase de oposición, será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

A puntuación obtida na fase de oposición incrementarase coa correspondente á fase de concurso.

AMRG

Ref: 2024/G004/000199

Asunto: ACTA 5 DE TRIBUNAL DE SELECCIÓN EN PROCESO DE ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE TÉCNICO MEDIO DE XESTIÓN EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA

A puntuación total dos aspirantes que aprobaron os dous exercicios obrigatorios e eliminatorios da fase de oposición é a seguinte:

Apelidos e nome	Fase de Concurso de méritos	Fase de Oposición (exercicios 1º e 2º)	Coñecemento lingua galega (Celga 4)	Puntuacións totais
MARTINEZ DABLANCA, ANA ISABEL	2	7,375 6,050	SI	15,425
POMBO GALLEGO, NURIA	2	7,250 5,025	SI	14,275

Na táboa anterior se aprecia con data 25 de maio e logo da publicación da mesma, un erro de transcripción dos previstos no artigo 109.2 da Lei 39/2015, un erro na puntuación outorgada a Dona Ana Isabel Martinez Dablanca no segundo exercicio e que resulta do simple cotexo coa a acta anteriormente extendida e suscrita por este tribunal, a número 4. Deste xeito a antedita táboa queda redactada como segue:

Apelidos e nome	Fase de Concurso de méritos	Fase de Oposición (exercicios 1º e 2º)	Coñecemento lingua galega (Celga 4)	Puntuacións totais
MARTINEZ DABLANCA, ANA ISABEL	2	7,375 6,950	SI	16,325
POMBO GALLEGO, NURIA	2	7,250 5,025	SI	14,275

En consecuencia, as persoas aspirante que supera o proceso selectivo é:

Apelidos e nome	Puntuacións totais
MARTINEZ DABLANCA, ANA ISABEL	16,325
POMBO GALLEGO, NURIA	14,275

De conformidade coas Instrucións para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Concello de Lugo, as aspirantes disporán dun prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións contra as cualificacións finais do proceso selectivo e relación de aprobados, que serán resoltas polo Tribunal. De non presentarse alegacións esta relación de aspirantes será considerada como definitiva aos efectos da súa elevación ao órgano competente para proceder cos trámites subseguintes.

O Tribunal, ACORDA por unanimidade:

PRIMEIRO: Resolver as alegacións formuladas por Dona Julia Santiago Vázquez desestimándoas, nos termos indicados no punto I. da presente acta. Acorda asimesmo facilitar copia do segundo exame con indicación de que os criterios de corrección foron publicados na acta nº 4 deste Tribunal. Esta copia lle será remitida por correo electrónico.

SEGUNDO: Aprobar a relación, coa puntuación total, dos aspirantes que aprobaron os dous exercicios obrigatorios e eliminatorios da fase de oposición e a puntuación da fase do concurso que méritos e que resulta ser a seguinte:

Apelidos e nome	Puntuacións totais
MARTINEZ DABLANCA, ANA ISABEL	16,325
POMBO GALLEGO, NURIA	14,275

TERCEIRO: Aprobar a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo e que resulta ser a seguinte:

Apelidos e nome	Puntuacións totais
MARTINEZ DABLANCA, ANA ISABEL	16,325
POMBO GALLEGO, NURIA	14,275

De conformidade coas Instrucións para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Concello de Lugo, as aspirantes disporán dun prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións contra as cualificacións finais do proceso selectivo e relación de aprobados, que serán resoltas polo Tribunal.

Esta proposta de adxudicación de aspirantes que superaron o proceso enténdese elevada a definitiva si transcorrido dito prazo non se presentan reclamacións, quedando remitida á autoridade convocante para que continúe a súa tramitación e a súa publicación na sede electrónica e páxina web do Concello de Lugo.

Contra as resolucións e actos de trámite do Tribunal, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local. O prazo de interposición será dun mes.

E para que conste asinan a presente acta os membros do Tribunal enriba citados, dando por finalizado o acto ás 11:30 horas do día 19 de abril de 2026, de todo o que como Secretaria do Tribunal dou fe.